

Estimadas familias,

14 de xaneiro de 2022

Ao longo destes días estades notificando a ausencia ao centro educativo dos vosos fillos e fillas por diversos motivos COVID. **Neste caso, non se aplicará protocolo de absentismo**: simplemente debedes chamar para indicar a situación, tanto ao centro como a sanidade (Tel. 881540045)

Todo o equipo docente do CEIP Ramón Cabanillas queremos transmitir o noso agradecemento polo xeito en que estades a colaborar connosco contribuíndo a que o espazo educativo dos vosos fillos e fillas sexa un espazo seguro a nivel de comunidade educativa.

Hoxe tivo lugar unha reunión de carácter autonómico para coñecer as variacións do Protocolo COVID nos centros educativos galegos. Indican o seguinte:

Se un fillo/a da positivo (por autotest) deben notificalo a sanidade, tamén ao centro e quedar na casa 7 días. **Pasado este tempo e non tendo síntomas nos 3 días anteriores**, non é necesario confirmar un diagnóstico negativo para volver ás aulas a non ser que sigan con síntomas (nese caso, sanidade indicará que facer).

Se un fillo/a é contacto estreito e ten a **pauta completa** non ten que realizar corentena debendo extremar as medidas COVID seguintes, tanto na rúa como na escola:

1. Evitar o contacto con familiares inmunodeprimidos ou xente maior.
2. Evitar eventos masificados (de ser posible, evitar a asistencia ao comedor).
3. Levar máscara, aínda que en educación infantil non é obrigatorio, pedimos encarecidamente que nestes días a leven, polo alumnado e tamén polos traballadores e traballadoras do centro.
4. Extremar as distancias e evitar o contacto físico.
5. Extremar o lavado de mans.

Reitetamos o noso agradecemento pola vosa colaboración.

Equipo Directivo  
CEIP RAMÓN CABANILLAS  
Rúa José Antonio Souto Paz, 5  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.gal  
www.edu.xunta.gal/centros/ceipramoncabanillas  
Teléfono: 881 867 921 Fax: 881 867 925